



Concello de Vigo
Expte. 5559/1101

PLENO DO EXCMO. CONCELLO. Núm. 11

CONVOCATORIA

DECRETO DE CONVOCATORIA.

Convócase sesión pública do Pleno da Corporación do Excmo. Concello de Vigo para celebración de sesión **ORDINARIA**, ás **NOVE HORAS** do día **27 de xullo**.

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

ORDE DO DÍA

1. **Actas anteriores:** Ordinaria do 29 de xuño de 2026.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

2. Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 2º trimestre do 2026 e período medio de pagos dos 6 primeiros meses do 2026; dación de conta. Expediente 284/542. (Expte. Pleno 5538/1101).



3. Estado de execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao 2º trimestre do 2026, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias; dación de conta. Expediente 493/143. (Expte. Pleno 5539/1101).

SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

4. Determinación dos festivos locais no termo municipal de Vigo para o ano 2027. Expediente 1751/110. (Expte. Pleno 5550/1101).
5. Ordenanza municipal reguladora das zonas de baixas emisións. Aprobación definitiva. Expediente 142483/210. (Expte. Pleno 5553/1101).

URBANISMO

6. Aprobación inicial da "Memoria xustificativa sobre a viabilidade da xestión directa do Servizo Municipal da Vivenda de Vigo" mediante sociedade mercantil local con capital integramente público, baixo a forma de sociedade anónima como sistema de xestión do Servizo Público Municipal de Vivenda. Expediente 1126/400. (Expte. Pleno 5541/1101).
7. Aprobación definitiva da ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa no Concello de Vigo. Expediente 1107/400. (Expte. Pleno 5540/1101).

Mocións:

8. Moción do grupo municipal do BNG para a atención da mocidade viguesa. Expte. 5564/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista sobre medidas en materia de sanidade. Expte. 5560/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista sobre financiamento de voos no Aeroporto de Peinador. Expte. 5561/1101.



- 11.** Moción do grupo municipal Socialista sobre medidas en materia educativa. Expte. 5562/1101.
- 12.** Moción do grupo municipal Socialista sobre medidas en materia de axuda ao fogar. Expte. 5563/1101.
- 13.** Moción do grupo municipal Socialista sobre un novo encoro no río Oitavén. Expte. 5566/1101.

PARTE DE CONTROL

Mocións.

- 14.** Moción do grupo municipal do Partido Popular para garantir o investimento dos 7,5 millóns de euros comprometidos pola Deputación de Pontevedra para Vigo e que están pendentes de activación por parte do Concello. Expte. 5565/1101.

Resolucións.

- 15.** Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 20/06/26 e o 19/07/26, incluídas no Expte. Pleno 5557/1101.
- 16.** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 20/06/26 e o 19/07/26, incluídas no Expte. Pleno 5558/1101.
- 17. Formulación de rogos.**
- 18. Formulación de preguntas.**

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público na páxina web municipal ós efectos de información.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez



Ante min, o Secretario Xeral do Pleno
Jose Villán Fuertes

